

Con motivo da celebración do 23 de abril, Día Internacional do Libro, a Concellaría de Cultura e o Arquivo Histórico e Biblioteca Pública Municipal de Baiona convoca o Concurso relato curto: "O enxeño engaiolado"

BASES

1. Poderán participar neste concurso persoas maiores de 16 anos
2. As obras presentadas serán relatos breves, de entre 1500 e 4500 palabras, en galego ou castelán, e terán como tema, central ou colateral, a biblioteca, o libro ou a lectura.
3. Presentaríanse a dobre espazo, en Arial 12.
4. Os orixinais enviaranse por correo electrónico (biblioteca@baiona.org), en formato PDF e asinados baixo pseudónimo.
5. Os datos correspondentes ao pseudónimo (nome e apelidos, DNI e número de teléfono) enviaranse nun segundo arquivo ao mesmo correo electrónico (biblioteca@baiona.org).
6. O prazo de admisión de obras comenará o día 24 de abril de 2020, e rematará o 24 de xuño de 2020.



7. As obras non poderán ter sido premiadas en ningún outro concurso nacional o internacional, serán orixinais e inéditas.
8. Valorarase tanto a calidade literaria como as dotes creativas do autor ou autora.
9. O xurado estará composto por especialistas no ámbito bibliotecario e literario.
10. Concederanse 3 premios, consistentes en cheques-libraría por valor de 100, 200 e 300€. Canxeables en librarías de Baiona ata o 31 de decembro de 2020. Cada premio deberase canxear de xeito íntegro na librería que o gañador escolla.
1º Premio: 300 €
2º Premio: 200 €
3º Premio: 100 €
11. As obras gañadoras publicaranse na páxina Web do Concello de Baiona.
12. O fallo do xurado farase público no Concello de Baiona e na Biblioteca o día 30 de xuño de 2020. Ese mesmo día comunicarase a forma de entrega dos premios.

